

 <p>GOBIERNO DE ESPAÑA</p>	<p>MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL Y MIGRACIONES</p>	<p>SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL Y PENSIONES</p>  <p>INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA</p>	<p>SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL Y PENSIONES</p> <p>INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA</p>  <p>SUBDIRECCIÓN GENERAL DE ACCIÓN SOCIAL MARÍTIMA</p>
<p>POLÍTICA DE CALIDAD DE LA SUBDIRECCIÓN GENERAL DE ACCIÓN SOCIAL MARÍTIMA</p>			<p>Rev: 10 Fecha: 18.04.2022</p>

O Instituto Social da Marina, adaptándose as necesidades de calidade e de produtividade demandadas por unha sociedade e un entorno cada vez máis esixente e, nalgunhas facetas, globalizado, iniciou unha acción de progreso co desenvolvemento e implantación dun Sistema de Xestión da Calidade na Área de Acción Social Marítima e na Área de Sanidade Marítima. Así, a calidade convértese nun elemento estratéxico da organización, eixo da súa xestión e marco para a definición e despregamento de obxectivos dirixidos á mellora da calidade do servizo prestado.

O Subdirector Xeral de Acción Social Marítima manifesta expresamente o seu compromiso fundamental de cumprir cos requisitos e mellorar continuamente o Sistema de Xestión da Calidade co fin de lograr o cumprimento dos seguintes obxectivos xerais:

- Enfocar á Subdirección cara a consecución da satisfacción do cliente, tanto interno (persoas traballadoras e colaboradoras) como externo (persoas usuarias y beneficiarias) e demais partes interesadas.
- Cumprir os requisitos legais, regulamentarios e outros requisitos aplicables no desenvolvemento dos nosos servizos.
- Dotar dos recursos humanos e técnicos necesarios para o funcionamento do sistema, e manter constantemente actualizada a súa competencia.
- Fomentar a implicación e colaboración de todos os niveis á consecución dos obxectivos, para que se materialice na adopción dun compromiso por mellorar a calidade, fomentando a comunicación e el traballo en equipo.
- Promover a participación e responsabilidade do persoal no funcionamento do Sistema de Xestión e o desenvolvemento de esta cultura na organización.
- Proporcionar ás persoas que integran o sector marítimo e seus beneficiarios unha asistencia sanitaria preventiva dentro dos compromisos de calidade marcados dende o Instituto Social da Marina.
- Ofrecer cursos de especialidade marítima con un interese particular nos cursos de alta especialización, dentro do Plan Anual de Formación Profesional Marítima e Sanitaria do Instituto Social da Marina. Esta oferta formativa inclúe os cursos de especialización obrigatorios para o desenvolvemento da actividade profesional a bordo, así como aqueles cursos que poidan completar a formación profesional marítima. A través de estudos de detección de necesidades formativas e empregabilidade dos alumnos asistentes, determinarase a influencia da cualificación e competencia profesional adquirida na formación e a súa incidencia no mantemento e inserción laboral no sector marítimo pesqueiro.
- Ofrecer e coordinar o aloxamento dos traballadores do mar en tránsito nas hospedaría das Direccións Provinciais de Ceuta e Melilla e dos alumnos asistentes a cursos de formación que, de acordo coa lexislación aplicable teñan dereito a iso, nas residencias dos CNF, de acordo cos estándares establecidos.
- Regular a concesión de prestacións asistenciais en atención as situacións especiais derivadas do traballo no mar para as persoas traballadoras y beneficiarias del Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, establecendo así mesmo determinados servizos a ditas persoas.
- A través do Centro Radio Médico, proporcionar asistencia médica os tripulantes enfermos ou accidentados mediante telemedicina.
- Prestar cos Buques Asistenciais, asistencia sanitaria in situ a calquera barco que o solicite y se encuentre dentro da súa área de cobertura, facilitando a consulta médica por radio, a consulta ambulatoria no buque do doente ou no Buque Asistencial, a hospitalización a bordo do Buque Asistencial cando así se prescriba e, se a gravidade do caso o require, xestionar a evacuación a terra do doente polo medio mais axeitado e rápido posíbel.

O Subdirector Xeral de Acción Social Marítima definiu esta Política de Calidade e asegúrase de que sexa entendida e aplicada por todas as persoas da organización relacionadas coas actividades formativas e de Sanidade Marítima do ISM mediante un adecuado plan de comunicación interna e motivación cara á calidade na xestión. Así mesmo, mediante a revisión periódica do funcionamento do Sistema de Calidade e o concurso de auditorías internas e externas verifica que o mesmo se mantén actualizado e mellora decote a súa eficacia e é axeitado.

O Subdirector Xeral de Acción Social Marítima